

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de agosto de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de agosto de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(927).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(928).- PROXECTO DE CONVENIO COA SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L. PARA A ORGANIZACIÓN DO “CAMPIONATO DE MOUNTAIN BIKE DIRT JUMP PUNTUABLE PARA A COPA DO MUNDO FMB WOLD TOUR 2015”- O MARISQUIÑO. EXPTE. 6172/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/08/15 e de fiscalización do 06/08/15, dáse conta do informe proposta do 03/08/15, da xefa do servizo de Festas conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“Con data 3 de agosto de 2015, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU para a organización do “Campionato Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo FMB Wold Tour 2015, O Marisquiño 2015” por importe de 42.000 € con cargo á partida 3380.470.0001 (Convenio O Marisquiño). O obxecto deste convenio é fomentar e difundir a cultura e os deportes urbanos. O evento terá lugar entre os días 7, 8 e 9 de agosto de 2015, ambos inclusive, dentro do programa das Festas de Verán 2015, por diversas rúas do centro da cidade, con maior concentración de actividades no Paseo das Avenidas.

Este campionato de Mountain Bike Dirt Jump (MTB) forma parte do circuito mundial “FMB Word Tour 2015” donde os mellores pilotos deste novo deporte competen pola victoria coa fin de posicionarse no ranking mundial. Esta proba que pode considerarse “o xigante da bicicleta de montaña”, ten un gran seguimento por parte dos afeccionados, tanto nas instalacións de O Marisquiño, como nas redes sociais.

A presenza destes “riders” procedentes de todo o mundo situará a cidade de Vigo no punto de mira destes deportes a nivel mundial, sendo a nosa cidade a segunda no ranking de afluencia de público. Na actualidade o FMB Word Tour de Vigo representa un dos máximos exponentes deste deporte a nivel mundial. A asistencia de competidores de primer nivel internacional fai que actuen como embaxadores do evento fóra da nosa cidade. O seguimento destes deportistas profesionais convoca na cidade de Vigo a miles de xóvenes.

Na presente edición do campionato de Mountain Bike Dirt Jump utilizaránse as últimas tecnoloxías de grabación e de transmisión en directo do evento, que permitirán achegarse a un público obxectivo de aproximadamente 500.000 persoas. A proba poderá verse dende calquera parte do mundo cunha simple conexión a internet.

O campionato de Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo desenvólvese dentro da XV edición de “O Marisquiño” que terá lugar entre os días 7, 8 e 9 de agosto de 2015, ambos inclusive, dentro do programa das Festas de Verán 2015, por diversas rúas do centro da cidade, con maior concentración de actividades no Paseo das Avenidas.

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos especiais vén realizando a organización deste programa de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais. D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca.

A vista do gran éxito organizativo e de aceptación entre os cidadáns, e da difusión da imaxe da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, considérase que a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales está en condicións de organizar o presente edición do campionato de Mountain Bike Dirt Jump (MTB) forma parte do circuito mundial “FMB Word Tour 2015” .

A Sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguro de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do festival. Pola súa banda, o Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade económica indicada no convenio.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. A súa organización nas edicións anteriores vén estando a cargo de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU. A tal fin o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2c) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A vista do gran éxito organizativo e de aceptación entre os cidadáns, e da difusión da imaxe da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, considérase que a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales está en condicións de organizar o presente edición do campionato de Mountain Bike Dirt Jump (MTB) forma parte do circuito mundial "FMB Word Tour 2015" .

Ulisesproyect Eventos especiales SLU presenta un orzamento total de gastos e ingresos para o desenvolvemento do evento "Campionato de Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo 2015" por importe de 82.000 € que se recolle no anexo II do convenio. O detalle das partidas cuxo pagamento solicitouse ao Concello de Vigo atópase tamén no anexo II ao convenio, e ascenden a un importe total de 42.000 €

Que con data 31 de xullo o servizo de Festas recibiu unha transferencia na partida 3380 470 0001 (convenio O Marisqueño) por importe de 42.000€ (expediente 541-335 operación contable 201500032190) para facer fronte ao pagamento do presente convenio.

Que o carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Que o Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. A súa organización nas edicións anteriores vén estando a cargo de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU. A tal fin o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2c) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 42.000,00 (corenta e dous mil) euros, con cargo á aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisqueño) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo e do concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se aprobe o texto do convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a sociedade Ulysesproject Eventos Especiales SLU (CIF B-36.957.132) para o desenvolvemento do "Campionato Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo FMB Wold Tour 2015, O Marisquiño 2015"

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 42.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á sociedade Ulisesproject Eventos especiales SLU (CIF B-36.957.132), con cargo á aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE ULISESPROJECT EVENTOS ESPECIALES, S.L PARA A ORGANIZACIÓN DO "CAMPIONATO DE MOUNTAIN BIKE DIRT JUMP PUNTUABLE PARA A COPA DO MUNDO FMB WORLD TOUR 2015". O MARISQUIÑO 2015.

En Vigo, a 7 de agosto de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Laura Iglesias González, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, e en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xuño de 2015.

Doutra, don Carlos Domínguez Fernández, como propietario único da sociedade Ulisesproject Eventos especiales SLU, CIF nº B-36.957.132 e enderezo social na avenida de Castrelos nº 29 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade que figura na documentación do expediente núm. 6172/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que Ulisesproject Eventos Especiales SLU solicitou polo Rexistro Xeral unha axuda para desenvolver o "Campionato de Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a copa do mundo FMB World Tour 2015 dentro de O Marisquiño 2015.

II.- Que a marca "O Marisquiño" atópase rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas a nome de D. Carlos Domínguez Fernández.

III.-Que a entidade Ulisesproject Eventos especiales SLU, empresa da que é propietario único D. Carlos Domínguez Fernández, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O

Marisquiño" e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.

IV.- Que este campionato de Mountain Bike Dirt Jump forma parte do "Circuito mundial FMB Word Tour 2015" donde os mellores pilotos deste novo deporte compiten pola victoria coa fin de posicionarse no ranking mundial; e que ten un gran seguimento por parte dos afeccionados, tanto nas instalacións de O Marisquiño, como nas redes sociais.

V.- Que na actualidade o FMB Word Tour de Vigo representa un dos máximos exponentes deste deporte a nivel mundial. A asistencia de competidores de primer nivel internacional fai que actúen como embaxadores do evento fóra da nosa cidade. Na presente edición do campionato de Mountain Bike Dirt Jump utilizaráanse as últimas tecnoloxías de grabación e de transmisión en directo do evento, que permitirán achegarse a un público obxectivo de aproximadamente 500.000 persoas. A proba poderá verse dende calquera parte do mundo cunha simple conexión a internet.

VI.- Que esta entidade vén organizando nos últimos anos "O Marisquiño", no centro da cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar o Campionato de Mountain Bike Dirt Jump (MTB), conforme ao programa (recollido no Anexo I deste Convenio) e Presuposto de ingresos e gastos (por un importe total de 82.000 euros – Anexo II).

VII.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das "Festas de Verán 2015", que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle chega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

VIII. Que con data 31 de xullo o servizo de Festas recibiu unha transferencia na partida 3380 470 0001 (convenio O Marisquiño) por importe de 42.000€ (expediente 541-335 operación contable 201500032190) para facer fronte ao pagamento do presente convenio. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun evento enmarcado en O Marisquiño que ten un de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IX.- Que conforme o disposto nos artigos 22.2c) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución do "Campionato Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo FMB Wold Tour 2015, O Marisquiño 2015" por

X.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

XI.- Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6172-335

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- *Ulisesproyect Eventos especiales SLU comprométese a colaborar coa Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo en canto a organización do “Campionato Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo FMB Wold Tour 2015, O Marisquiño 2015” por, conforme ao programa recollido no Anexo I deste Convenio, e concretamente a:*

1º.- *Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.*

2º.- *Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no Anexo II.*

3º.- *Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.*

4º.- *Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.*

5º.- *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*

6º.- *Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa .*

7º.- *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.*

8º.- *A Sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguro de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do festival. Pola súa banda, o Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade económica indicada no convenio.*

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- *Incluír o “Campionato Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo FMB Wold Tour 2015, O Marisquiño 2015” dentro do programa “Vigo en Festas 2015”, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.*

2º.- *Conceder directamente a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, unha subvención para a edición 2015 por importe de 42.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do “Campionato Mountain Bike Dirt Jump puntuable para a Copa do Mundo FMB Wold Tour 2015, O Marisquiño 2015”. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 79 30 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A entidade beneficiaria, terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos antes da primeira quincena de decembro de 2015. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria parcial de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o período obxecto de xustificación, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria parcial económica** xustificativa do custo das actividades realizadas durante o período obxecto de xustificación, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaranse en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de

facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 82.000 euros.”

Décimo.- Con carácter previo ao pagamento, a entidade beneficiaria deberá presentar as certificacións acreditativas de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Área de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten a entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas no desenvolvemento do evento.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- A concelleira de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Festas e Turismo do Concello.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

A concelleira delegada de
Festas e Turismo

O propietario único da sociedade
Ulisesproyect Eventos especiales SLU

3(929).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAIÓDOS. FASE II. EXPTE. 3392/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.08.15 e o informe de fiscalización do 7.08.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 6.08.15, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- Con data 22 de xuño de 2015 por decreto da alcaldía, resolveuse a delegación no Concelleiro da Area de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a coordinación, dirección política e técnica, xestión, seguimento, tramitación e execución dos expedientes administrativos necesarios para o DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIÓDOS. Esta encomenda contempla ademais a tramitación e execución dos expedientes conducentes ao desenvolvemento da seguinte aplicación orzamentaria:

9330.632.00.10 - Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaiódos

2.- O Real Club Celta de Fútbol, SAD, en cumprimento do convenio asinado, lle presenta ao Concello de Vigo o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA. Dito proxecto foi contratado polo Real Club Celta de Vigo, SAD, ao arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo. Dito proxecto atópase adaptado as resolucións técnicas, así como as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIÓDOS.

3.- O “PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA” redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, contempla para esta fase, a demolición de cuberta existente actualmente, e a súa reposición por un elemento singular coa finalidade de ser un elemento de cubrición e decorativo singular da grada de preferencia existente, para elo propoñen no proxecto presentado tamén o reforzo estrutural dos pilares de suxeición de dita grada, mediante reforzos de pezas metálicas recubriendo os elementos de formigón existente coa finalidade de reforzala para soportar as cargas que poidan transmitir a nova cuberta proposta e protexela dos ambientes externos. A súa vez tamén se pretende unha nova distribución coa supresión da zona porticada existente no lindeiro coa vía pública para o seu aproveitamento de usos terciarios e lugares de reunión ao servizo de uso característico deportivo existente.

O orzamento base de licitación incluído o IVE ascende ao importe de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CENTIMOS - 5.234.256,94 €.-

Dito proxecto atópase anexado ao expediente 3208/440 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2015.

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 3 de agosto de 2015, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL, correspondese co expediente administrativo 3208/440.*
- Acta de replanteo asinada polo Xefe da Area de Fomento D. Alvaro Crespo Casal con data 31/07/2015 e polo Enxeñeiro de Edificación D. Aurelio Adan Fernández con data 03/08/2015.*
- Prego de prescricións técnicas particulares atópase, asinado con data de xuño de 2015 polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo en relación coas obras do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA, e aprobado na Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2015 no propio contido do proxecto de obra.*
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 05/08/2015.*
- Informe favorable da Asesoría Xurídica de **data 6 de agosto de 2015**.*
- Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.*

2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no proxecto

- **PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA**, contempla para esta fase, a demolición da cuberta existente actualmente, e a súa reposición por un elemento singular cuxa finalidade e a de ser un elemento de cubrición e decorativo singular da grada de preferencia existente, para elo propoñen no proxecto presentado tamén o reforzo estrutural dos pilares de suxeición de dita grada, mediante reforzos de pezas metálicas recubriendo os elementos de formigón existente cuxa finalidade é reforzala para soportar as cargas que poidan transmitir a nova cuberta proposta e protexela dos ambientes externos. A súa vez tamén se pretende unha nova distribución coa supresión da zona porticada existente no lindeiro coa vía pública para o seu aproveitamento de usos terciarios e lugares de reunión ao servizo de uso característico deportivo existente.*

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto anexado o expediente 3208/440.

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base ao proxecto de acordo cos seguintes datos:

O orzamento base de licitación establecece nun importe de **CINCO MILLONS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CENTIMOS -5.234.256,94 €**- (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de NOVECIENTOS OITO MIL CATROCIENTOS VINTECATRO EUTROS CON SETENTA E SEIS CENTIMOS. – 908.424,76 €.-, de acordo co PROXECTO EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA" redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo.

O valor estimado do contrato estipúlase en CATRO MILLONS NOVECIENTOS SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS SETE EUROS CON UN CENTIMO (4.974.707,01 €).

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establecece nun importe de **CINCO MILLONS DOUECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CENTIMOS -5.234.256,94 €**- (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de NOVECIENTOS OITO MIL CATROCIENTOS VINTECATRO EUTROS CON SETENTA E SEIS CENTIMOS. – 908.424,76 €

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 "Investimento de mellora e reposición grada de río Estadio de Balaidos", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado. En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de

adxudicación, a contía restante, non será obxecto de anulación, xa que conformará parte do financiamento para as bancadas de gol ou marcador ou para atender algún modificado dentro do marxe previsto.

O gasto proposto, establecece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

c.- Prazo de execución e prorroga:

De acordo co proxecto de execución das obras, o prazos máximos de execución establécense en 12 (doce) meses.

O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- *A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.*
- *Incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.*
- *Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mútuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.*

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

e.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

f.- Esixencia de Clasificación:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, se esixe a seguinte clasificación para este contrato:

Grupo C, Subgrupos: 3, Categoría F

h.- Subcontratación:

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co limite máximo do 50 %.

i.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

Non se determinan.

k.- Melloras:

En relación á determinación de melloras como un dos criterios de valoración mediante formulas, debemos de ter en conta o artigo 147 do TRLCSP, o cal establece "1. Cando na adjudicación haxan de terse en conta criterios distintos do prezo, o órgano de contratación poderá tomar en consideración as variantes ou melloras que ofrezan os licitadores, sempre que o prego de cláusulas administrativas particulares previse expresamente tal posibilidade.". Así mesmo debemos atender ao pronunciamento favorable da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado no seu Informe 59/2009, de 26 de febreiro de 2010, sobre a posibilidade de admitir melloras que impliquen a execución de prestacións accesorias para o contratista, sen custo para o órgano de contratación posibilidade que expresamente deberá recollerse nos pregos- e sempre que se establezan os criterios de valoración que haxan de aplicarllos, debendo tales melloras figurar detalladas no prego de cláusulas administrativas particulares con expresión dos seus requisitos, límites, modalidades e características que permitan identificalas suficientemente, e gardar relación directa co obxecto do contrato.

Polo exposto, e de acordo ao informe emitido polo Arquitecto D. Pedro de la Puente, como redactor do proxecto, estimase adecuado a inclusión dun apartado de melloras, como actuación complementarias para a instalación. As melloras propostas correspóndense con actuacións que polas súas especificacións técnicas (elementos que levan implícita unha instalación e execución técnica específica, motivada pola condición antivandálica ou polos propios requisitos técnicos de instalación) e aconsellable a súa execución dentro do desenvolvemento das obras deste proxecto. Todas as propostas de melloras recollidas neste informe teñen unha relación directa coa propia obra, e se atopan informadas na memoria xustificativa das melloras asinada polo Xefe da Área de Fomento D. Alvaro Crespo Casal con data 05/08/2015.

l.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:

3.2.1.- Aspectos a modificar: As unidades de obra relacionadas coa substitución da estrutura de formigón da actual cuberta da grada e as unidades relacionadas cos reforzos e actuacións para a adecuación da nova cuberta.

3.2.2.- Circunstancias que determinan a modificación: No caso de redución da seguridade na execución das unidades referentes á cuberta, aparición das chamadas

“patoloxías ocultas” na estrutura de formigón (por exemplo coqueiras ou danos en apoios) non detectadas nos muestreos da fase de redacción de proxecto, ou novos requirimentos técnicos derivados das novas cargas sobre a cimentación existente e sobre a estrutura actual.

3.2.3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 15% sobre o prezo do contrato.

3.2.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

m.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

n.- Criterios de valoración e xustificación:

De acordo co informe xustificativo para a determinación dos criterios para a selección do contratista asinado polo Xefe da Area de Fomento 03 de agosto de 2015 e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato se dará máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato, se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establececese a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación:

a.- En relación aos criterios avaliábles por xuízo de valor, se propón unha aplicación dun 30 % da puntuación total.

b.- En relación aos criterios avaliábles a través de fórmula, se propón unha aplicación dun 70 % da puntuación total.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas a través dos criterios por xuízo de valor, e de acordo co punto 4. do artigo 150 do TRLCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios, nos cales será determinadas unhas fases de valoración que terán unha aplicación específica, e por outra banda, establecerase un umbral mínimo de puntuación esixido para que o licitador poida continuar no proceso selectivo.

*De acordo co disposto no artigo 150.4 do TRLCSP, establececese un **umbral mínimo** de puntuación a alcanzar na valoración das proposicións relativas aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor, os cales teñen por obxecto avaliar a calidade técnica dos criterios de execución técnica das obras propostos polos distintos licitadores. Polo cal estableceranse dous apartados para a clasificación dentro deste criterios:*

–Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 40 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.

–Ofertas con calidade técnica suficiente. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor igual ou superior ao 40 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.

Polo tanto, aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación.

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

A valoración dos criterios mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 30 puntos de acordo os seguintes criterios:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: se valorará con ata **18 puntos**

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- α.* Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata **6 puntos**
- β.* Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata **6 puntos**
- χ.* Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra o cal deberá contemplar: se valorará con ata **6 puntos**

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: se valorará con ata **5 puntos**

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará **con ata 3 puntos**
- Plan de auto control interno da empresa: se valorará **con ata 2 puntos**

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: se valorará **con ata 4 puntos**

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- α.* Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata **2 puntos**
- β.* Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará **con ata 2 puntos**

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA: se valorará con ata **3 puntos**

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Memoria descritiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata **3 puntos**

A puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes regras:

1. Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada criterio ás propostas que desenvolvan todos os puntos que inclúe cun alto grado de detalle e análise, e coa representación gráfica adecuada.

2. Descontarase un 30 % da puntuación máxima prevista para o criterio, ás propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no mesmo. Esta valoración poderá ser minorada cun 15 % da puntuación máxima do criterio, por cada un dos puntos incluídos no mesmo e non desenvolvidos, ou no caso de que a súa xustificación non se adecúe ó obxecto do criterio a avaliar. Estes descontos serán acumulativos, no entanto, non poderá descontarse máis que a puntuación máxima previstas para o criterio a avaliar.

3. A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación ó contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo.

De acordo co disposto no artigo 150.4 do TRLCSP, establecece un umbral mínimo de puntuación a alcanzar nos criterios avaliados mediante xuízo de valor. Serán excluídas do proceso de licitación as ofertas consideradas con calidade técnica inadecuada por non acadar o 40 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar mediante xuízo de valor, un mínimo de 12 puntos.

CRITERIOS AVALIADOS A TRAVÉS DE FÓRMULA:

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 70 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

B.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase **ata un máximo de CINCUENTA (50) puntos** aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

B.2.- Melloras ofertadas: O Valor da suma das melloras ofertadas polos licitadores valorarase **ata un máximo de DEZAOITO (18) puntos**.

B.3.- Prazo de garantía: Valorarase **ata un máximo de DOUS (2) puntos** a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establecece en 12 meses.

n.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas:

En relación a determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas o proposición con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións en relación a oferta económica cunha baixa ofertada (B_i) a que se sumará o importe do valor das melloras ofertadas, que cumpra as seguintes condicións:

10.1. Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = Baixa da oferta realizada sobre o prezo de licitación a que se sumará o importe total das melloras ofertadas, para a que se quere valorar, a cal será calculada coma a porcentaxe que represente (o importe da suma da baixa ofertada -IVE excluído- mais o importe total das melloras ofertadas -IVE excluído-) co orzamento base de licitación (IVE excluído). O valor desta suma, será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído) de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)

B_m = Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$ = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumbran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

K = factor de temeridade, $K=0,5$

δ' = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de $B'm$

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

10.2. Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da “baixa de referencia” (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas; Br = media aritmética das (Bi) ofertadas.

Presunción de temeridade: $Bi > Br + 2.5$ si $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

3.- Proposta:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAI DOS. FASE II.”.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 05/08/2015.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de CINCO MILLONS DOUECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CENTIMOS -5.234.256,94 €- (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de NOVECIENTOS OITO MIL CATROCIENTOS VINTECATRO EUTROS CON SETENTA E SEIS CENTIMOS. – 908.424,76 €, de acordo co PROXECTO EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA” redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo e aprobado na Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2015

O valor estimado do contrato estipulase en CATRO MILLONS NOVECIENTOS SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS SETE EUROS CON UN CENTIMO (4.974.707,01 €).

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 "Investimento de mellora e reposición grada de río Estadio de Balaidos",

Cuarto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(930).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5640/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.07.15 e o informe de fiscalización do 6.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Turismo, do 3.08.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

O turismo é unha das principais actividades económicas de Galicia, representando el 10,6% do PIB e o 9,92% do emprego. Para o desenvolvemento dun destino turístico, o transporte e as comunicacións e especialmente a conectividade aérea directa, son pezas clave para o desenvolvemento deste.

A normativa vixente en materia de réxime local, así como a lei 7/2011 do Turismo de Galicia atribúen aos concellos a protección e promoción dos recursos turísticos no seu municipio.

Nos últimos anos, a cidade de Vigo xestionou un Plan de Competitividade Turística que permitiu dispoñer de novos produtos turísticos, segmentados e con gran capacidade de comercialización. Todos eles dispoñen dun denominador común na marca "Vigo un mar de...." que se sintetizan nos seguintes produtos/experiencias cabeceira de Marca:

1. UN MAR DE VIDA. Turismo Urbano
2. UN MAR DE NATUREZA. Turismo Activo
3. UN MAR DE SABORES. Turismo Gastronómico
4. UN MAR DE CULTURA. Turismo Cultural
5. UN MAR DE NÁUTICA. Turismo Náutico
6. UN MAR DE NOITES. Ocio Nocturno
7. RÍA DE VIGO. Illas Cíes

Destaca ademais a necesidade de promover as Illas Cíes como produto e recurso turístico de referencia (segundo recurso turístico máis visitado de Galicia detrás da Catedral de Santiago),

deseñando accións de promoción que faciliten a difusión e coñecemento da súa anunciada candidatura a Patrimonio da Humanidade da Unesco.

Por outra parte e tal e como reflicte AENA nos seus informes, Vigo constitúe a maior área de captación de pasaxeiros de Galicia, con máis de 3.000.000 de usuarios aeroportuarios potenciais. Non obstante o Aeroporto de Vigo está a sufrir un descenso continuado do tráfico, rutas e usuarios que ten como resultado unha redución do 52% de pasaxeiros nos últimos 7 anos.

No caso específico da ruta entre Barcelona e Vigo está sufriu nos últimos sete anos unha redución dun 50% en número de pasaxeiros que significou unha perda superior aos 141.000 pasaxeiros. A ruta pasou de 5 frecuencias diarias a contar, na actualidade, cunha soa frecuencia por día durante moitos meses ao ano, feito que lastra o desenvolvemento da cidade de Vigo nos eidos turísticos e económicos.

A correlación existente entre a captación de turistas dun destino e a conectividade de transporte ten o seu reflexo na caída tanto do número de viaxeiros coma nas pernoctas hoteleiras na cidade de Vigo entre os anos 2007 e 2013, que segundo as estatísticas do INE pasan de 726.462 no ano 2007 a 573.980 en 2013 nunha clara equivalencia coa perda de pasaxeiros da ruta Barcelona - Vigo.

É por este motivo que xorde a necesidade de incrementar as accións de promoción e comunicación en destinos que xa vén realizando o Concello de Vigo, en especial a través do Plan de Competitividade Turística. A finalización do Plan de Competitividade en 2014 provoca a necesidade de realizar novas actuacións que garantan a sostenibilidade continuada das accións de promoción do destino Vigo.

En data 1 de abril de 2015 o Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase o expediente conducente á contratación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo mediante un contrato maior, por orzamento de 4.070.247,93€ sen IVE (IVE 854.752,07€) sumando un total 4.925.000,00€ con cargo á aplicación presupostaria 912.0.227.99.05.

Constitúe o obxecto deste contrato a prestación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo no mercado turístico catalán e en novos mercados internacionais a través do transporte aéreo consistentes en:

- a) Reforzo do establecemento da nova conectividade aérea a través de rutas directas co mercado catalán e novos mercados internacionais.
- b) Desenvolvemento de accións de promoción turística.

A través deste contrato búscase atraer a novos turistas procedentes dos referidos mercados mediante a conectividade aérea.

Á vista do exposto, previo informe da asesoría xurídica, de data 23 de xullo de 2015, e do servizo de contratación de data 23 de xullo de 2015, e coa conformidade do Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte.

PROPOSTA

1. Aprobar o expediente Nº 5640-104.
2. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 8 de xullo de 2015 e o prego de cláusulas administrativas de data 23 de xullo de 2015
3. Autoriza-lo gasto, por importe 25.000,00€(incluído IVE) correspondente o ano 2015, con cargo á partida 912.0.227.99.05
4. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.